

Informe sobre as afiliacións á Seguridade Social


Período de referencia: Setembro de 2025

Data de publicación: 2 de outubro de 2025

Principais resultados

- No mes de setembro de 2025, o número de afiliacións en Galicia situouse en 1.104.002, un 1,67 % máis que no mesmo mes de 2024. En España, a taxa de variación interanual foi do 2,36 %.
- En Galicia, en termos interanuais, as afiliacións ao réxime xeral subiron un 2,16 %, mentres que no réxime especial de autónomos baixaron un 0,02 %.

Evolución das taxas de variación interanuais (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

1. Información xeral

O número medio de afiliacións ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro de 2025 acadou a cifra de 1.104.002; o que supón un descenso respecto ao mes pasado de 7.205 afiliacións (-0,65 %). Para España, a cifra de afiliacións sitúase en 21.697.665, cun aumento do 0,15 % respecto ao mes pasado.

Na comparativa interanual, obsérvase un aumento de 18.156 afiliacións en Galicia (1,67 %) e un aumento do 2,36 % (499.459 afiliacións) en España.

Por comunidades e cidades autónomas, 7 rexistran un incremento das afiliacións respecto a agosto de 2025. A Ríoxa (1,61 %) e Madrid (1,23 %) son as que máis soben e Cantabria (-2,63 %) a que máis baixa.


En canto ás taxas respecto a setembro de 2024, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades e cidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Melilla (5,66 %) e Ceuta (4,41 %).

Evolución das afiliacións por comunidades e cidades autónomas

CCAA	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
Andalucía	3.464.232	-11.169	-0,32	77.241	2,28
Aragón	628.215	-4.064	-0,64	13.199	2,15
Asturias, Principado de	395.296	-4.157	-1,04	9.383	2,43
Baleares, Illas	653.407	-13.533	-2,03	15.493	2,43
Canarias	945.251	10.368	1,11	30.623	3,35
Cantabria	237.748	-6.412	-2,63	3.533	1,51
Castela e León	999.129	-1.013	-0,10	14.437	1,47
Castela-A Mancha	805.540	-95	-0,01	17.069	2,16
Cataluña	3.863.651	14.868	0,39	76.460	2,02
Comunidade Valenciana	2.205.533	3.124	0,14	72.161	3,38
Estremadura	422.218	-3.359	-0,79	3.994	0,95
GALICIA	1.104.002	-7.205	-0,65	18.156	1,67
Madrid, Comunidade de	3.779.782	45.903	1,23	105.552	2,87
Murcia, Rexión de	668.208	-4.991	-0,74	20.791	3,21
Navarra, Comunidade Foral de	314.365	-720	-0,23	4.537	1,46
País Vasco	1.018.270	11.475	1,14	10.661	1,06
Ríoxa, A	142.963	2.262	1,61	3.770	2,71
Ceuta	24.126	-59	-0,24	1.018	4,41
Melilla	25.727	236	0,93	1.377	5,66
ESPAÑA	21.697.665	31.462	0,15	499.459	2,36

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Contribución das comunidades e cidades autónomas na variación interanual da afiliación mensual (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

2. Información por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou respecto a setembro de 2024 en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,81%, seguida de Pontevedra (1,75%), Ourense (1,68%) e Lugo (0,93%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro respecto ás do mes de agosto, Lugo é a provincia que presenta a maior baixada nas afiliacións cunha taxa de variación intermensual do -1,12%, seguida de Pontevedra (-0,75%), A Coruña (-0,54%) e Ourense (-0,18%).

Evolución das afiliacións á Seguridade Social. Galicia e provincias

	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior absoluta	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior absoluta	Variación ano anterior relativa
A Coruña	479.613	-2.606	-0,54	8.532	1,81
Lugo	128.203	-1.457	-1,12	1.183	0,93
Ourense	109.182	-198	-0,18	1.802	1,68
Pontevedra	387.004	-2.944	-0,75	6.639	1,75
GALICIA	1.104.002	-7.205	-0,65	18.156	1,67
ESPAÑA	21.697.665	31.462	0,15	499.459	2,36

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.


3. Información segundo o réxime de afiliación

En setembro de 2025, as afiliacións ao réxime xeral concentran o 79,84 % das afiliacións galegas, cun descenso do 0,73 % respecto ao mes anterior e un aumento interanual do 2,16 %. En España, as taxas foron do 0,14 % respecto a agosto de 2025 e do 2,61 % en relación ao mes de setembro de 2024. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (75 %).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,2 %) presenta unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,36 %) e A Coruña (0,11 %) presentan unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,02 %. Para este réxime e respecto ao mes de agosto de 2025, baixan as afiliacións en todas as provincias: Pontevedra (-0,32 %), A Coruña (-0,19 %), Lugo (-0,19 %) e Ourense (-0,14 %). O conxunto de Galicia presenta unha taxa intermensual do -0,23 %. En España, este réxime presenta unha subida interanual do 1,07 % e unha subida intermensual do 0,22 %.

No réxime especial do mar, a taxa de variación interanual en Galicia foi do -2,23 %, con todas as provincias en negativo: Pontevedra (-2,59 %), A Coruña (-1,79 %) e Lugo (-0,74 %). Respecto a agosto de 2025, a taxa galega é do -1,39 %, baixando as afiliacións en todas as provincias: Lugo (-1,9 %), A Coruña (-1,75 %) e Pontevedra (-1,19 %). En España, as taxas indican unha baixada interanual do 0,06 % e unha baixada intermensual do 3,7 %.

Distribución das afiliacións galegas por réximes (%)



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

Afiliacións por réximes e provincias

Total

	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	479.613	-0,54	1,81
Lugo	128.203	-1,12	0,93
Ourense	109.182	-0,18	1,68
Pontevedra	387.004	-0,75	1,75
GALICIA	1.104.002	-0,65	1,67
ESPAÑA	21.697.665	0,15	2,36

Réxime xeral

	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	390.828	-0,60	2,23
Lugo	96.147	-1,41	1,66
Ourense	87.035	-0,19	2,11
Pontevedra	307.419	-0,83	2,23
GALICIA	881.429	-0,73	2,16
ESPAÑA	18.219.536	0,14	2,61

Réxime especial de autónomos

	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	83.834	-0,19	0,11
Lugo	30.711	-0,19	-1,20
Ourense	22.147	-0,14	0,00
Pontevedra	67.885	-0,32	0,36
GALICIA	204.578	-0,23	-0,02
ESPAÑA	3.413.292	0,22	1,07

Réxime especial do mar

	Afiliación media Setembro 2025	Variación mes anterior relativa	Variación ano anterior relativa
A Coruña	4.950	-1,75	-1,79
Lugo	1.345	-1,90	-0,74
Ourense	0		
Pontevedra	11.700	-1,19	-2,59
GALICIA	17.996	-1,39	-2,23
ESPAÑA	63.966	-3,70	-0,06

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones. Estadística de Afiliación de Trabajadores a la Seguridad Social. Extraído de: <https://w6.seg-social.es/PXWeb/pxweb/es>.

4. Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador. A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á *Tesorería General de la Seguridad Social* e ao *Instituto Social de la Marina*. A explotación é efectuada pola *Gerencia de Informática de la Seguridad Social*. Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais. Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>